Área de lecer das Eiras.
Sobreiras
(Quercus suber)

Acivro
(Ilex aquifolium)

Monte
Santa Trega

Marcas e sinais sendeiristas no percorrido

Sinal de continuidade, que indica o camiño correcto.

Dirección trabucada. Indica que o camiño non se debe coller.

Cambio de dirección. Indica un xiro á dereita ou á esquerda no sentido da marcha.

Sinal nunha derivación, é dicir un camiño de ida e volta dende a ruta principal.

PR-G 112

Baliza, que permite identificar o tipo e o número do sendeiro.

CONCELLO DO ROSAL
Praza do Calvario 1
36770 - O Rosal
www.orosal.es
www.concellodorosal.es

Esta apracible ruta discorre por camiños e sendas ao carón dos ríos Miño e Tamuxe, no concello pontevedrés do Rosal, entre unha natureza moi humanizada que, non obstante, mantén recunchos e comunidades naturais de grande interese.

As ribeiras dos ríos, as xunqueiras e as illas agachan aves e peixes en cantidade e variedade. Porque o especial microclima deste concello dótao dunha grande biodiversidade e permite que nel habite unha vexetación mediterránea moi beneficiada polas augas que traen os ventos do Atlántico.

Un val que goza de viños de recoñecido prestixio internacional e que tamén agacha, non moi lonxe, outras marabillas tan impresionantes coma os famosos Muíños do Folón e do Picón (PR-G 94).

Tamén neste sendeiro temos o precioso Muíño das Aceñas, que as augas do Tamuxe mantiñan en continuo movemento. Hoxe, xunto a el, unha área de lecer baixo a fresca sombra do bosque de ribeira fai as delicias dos visitantes.

E igualmente interesante é a área de lecer das Eiras, coa súa praia fluvial. Un lugar onde as sobreiras e piñeiros crean un espazo cunha preciosa paisaxe.

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE
E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE

Proxecto subvencionado pola Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible ao abeiro das axudas de apoio e accións na Rede Natura 2000 e cofinanciado polo Concello do Rosal.

PR-G 112
Sendeiro de Pescadores
Río Miño - Tamuxe
Ruta homologada en 2009

Deseño: SEGATUR S.L. - Telf. 886 11 70 11 - www.segatur.com

Concello do Rosal

PR-G 112

GALICIA

Sendeiro de Pescadores Río Miño - Tamuxe

Ruta sinalizada

Datos técnicos

Lonxitude: 7’2 km

Duración estimada: 1 hora e 30min.

Percorrido: Fácil. Sen desniveis.

Esforzo físico: Baixo.

Mapa IGN 1:25000: 299-I, 299-III

Lenda

- Inicio da ruta PR-G 112 Sendeiro de Pescadores Río Miño - Tamuxe
- Ruta sendeirista
- Estrada principal
- Outras estradas

Datos de interese

Concello do Rosal:	**986 625 000** **www.orosal.es** **www.concellodorosal.es**
Emerxencias:	**112**
Información turística:	**www.turgalicia.es**
Fed. de Montañismo:	**www.fgmontanismo.com**

Pódese descargar gratuitamente o percorrido desta ruta para GPS na páxina web www.segatur.com